EQUIPOS CLASIFICADOS XUNTO CO NUMANCIA NA ZONA NORTE

A falta dunha xornada para o remate da liga nas delegacións de Ferrol e Santiago xa coñecemos case todos os equipos clasificados.

Ares, 2 de maio de 2016.

A continuación informamos dos equipos clasificados para esta fase de ascenso á Liga Galega xuvenil, grupo 1º (A Coruña e Lugo), seguindo a orde clasificatoria en cada grupo da Primeira Autonómica xuvenil.

1. **CLASIFICADOS na ZONA NORTE:** GRUPO 1º (A CORUÑA), 4 equipos: Betanzos (campión), D. Obreiro, At. Arteixo e Olímpico. GRUPO 2º - 3º (COSTA), 2 equipos: Xallas (campión) e Cee.

O Betanzos e o Xallas disputarán esta vindeira fin de semana unha fase previa. O vencedor desta eliminatoria enfrontarase cos campións das outras 3 delegacións para obter dúas prazas de ascenso directo.

GRUPO 4º (FERROL),2 equipos: Numancia e Portuarios. GRUPO 6º (SANTIAGO), 5 equipos : Bertamiráns (campión), Santiago B, Peleteiro, Lalín B e Dubra ou Conxo B (estes dous últimos equipos enfróntanse na última xornada).

GRUPO 7º - 8º - 9º (LUGO), 3 equipos: Porto Burela (campión), Milagrosa, O Corgo.

PRIMEIRA FASE

[illegible]